

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O :

Na cidade de Ourense, a vinte de novembro de dous mil un

Visto o expediente o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado *Cerengo*, por solicitude da parroquia das Cabanas, do Concello de San Xoán de Río(Ourense)

Resultando que con data 30 de xaneiro de 1998 , tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes , en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar da parroquia das Cabanas , Concello de San Xoán de Río (Ourense), solicitando se declare o monte *Cerengo* como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 18 de novembro de 1998 , acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D. José Ramón Goyanes Flores e Dona Miriam Areal López que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Pobra de Trives, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños da parroquia das Cabanas , ó Ilmo. sr. Presidente da Deputación provincial de Ourense, á m. Alcaldía do Concello de



Xoán de Río, á Delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, e ó Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, e á Delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello de San Xoán de Río, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, que durante o prazo sinalado en edictos para que os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Pobra de Trives, como segue:

Anotación preventiva letra A,, Tomo 352, do Libro 45, Folio 45, predio 4.985 do Libro de San Xoán de Río

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.



Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de Montes Veciñais en Man Común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescritible e inembargable; e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar da parroquia de Cabanas, no Concello de San Xoán de Río

Considerando que segundo resulta do informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais e se comproba na instrucción, a estrema que nos planos presentados figura coma lindeiro oeste é en realidade a estrema leste e a cabida do monte é dunhas 280 ha aproximadamente.

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.



Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar da parroquia das Cabanas , están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, a instancia dos veciños da parroquia das Cabanas , para que este xurado puidese acordar-la iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro , así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. - Clasifica- lo monte denominado *Cerengo*, de 280 ha aproximadamente en conxunto, de superficie a favor dos veciños dos lugares da



parroquia das Cabanas , no Concello de San Xoán de Río, e cos datos que se relacionan a seguir, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Concello: San Xoán de Río (Ourense)

MONTE denominado: "Monte Cerengo".

Comunidade propietaria: tódolos lugares da parroquia das Cabanas

Superficie: 280 Ha. Aproximadamente en conxunto

Estremas:

Norte: Término municipal de Ribas de Sil (Provincia de Lugo).

De Sur a Noroeste:

Lugar de Bexe:

- Zona de Chonchousa: predios particulares de:
- Herederos de Teresa Alvarez Alvarez.
- Severo Crespo González 34.491.322.
- Ramón González González.
- Nemesio Enríquez Gómez 34.491.306-T.

Lugar de Teixeira:

- Zona de Val das Presas: predios particulares de:
- Manuel González López.
- Isabel González
- Gabina González González 34.491.404-Y.

Lugar de A Iglesia:

- Zona de Tapada do Cura: predios particulares de:



- Herdeiros de Ricardo Alba González.
- Bens da Abadía
- Zona de Val do Cabrón: predios particulares de:
 - Manuel Lamas Martínez 38.975.241.
 - Eladio González Pérez 37.181.774.
 - Agenor González González 34.490.999.

Lugar de A Fonte:

- Zona das Vidueiras: predios particulares de:
 - Benigno González González 34.491.122.
 - Cesáreo González Rodríguez 34.491.096.
 - Manuel González Alba 34.491.102.

- Zona das Regatiñas: predios particulares de:

- Florentín González Alba.
- Evaristo Pérez Castro.
- Aurelio Pérez Alvarez.
- Eugenio Sotelo Pérez.
- Cesáreo González Rodríguez 34.491.096.

Lugar de Xunquedo:

- Zona da Devesa: fincas particulares de :
 - Nemesio Enríquez Gómez 34.491.306.
 - Isolina Vázquez González



- Zona de Chao da Rasa: predios particulares de:

- Odilo Sotelo Díaz 34.491.152.

- Odilo Pérez Alvarez 34.491.737.

- Isolina Vázquez González

- Zona da Casarella: fincas particulares de:

- Odilo Pérez Alvarez 34.491737.

Lugar de Balados:

- Zona de Tapada da Solleira: predios particulares de:

- Santiago Martínez Caneda 34.491149-G.

- Amable Rodríguez Yáñez 34.491.884.

- Jobita Blanco Gómez.

- Zona de O Concedo: predios particulares de:

- Ricardo Pérez Pérez 76.671.394-C.

- Eliseo Pérez Freijo 34.491.098.

- Zona de Val de Barreiros: predios particulares de:

- Enrique Gómez Alvarez 34.491.316.

- Paulino González Fernández 34.491116.

- Luis Rodríguez Alvarez 34.491114.

- Zona de Mallada Vella: predios particulares de:

- Luis Rodríguez Álvarez 34.491.114.




Leste:

- Termo municipal de Ribas do Sil (Provincia de Lugo)
- Termo municipal de Pobra de Trives.

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de San Xoán de Río, ós representantes da comunidade veciñal, ó xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin a vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



PROVINCIA DE LUGO

Término Municipal de Ribas del Sil

ALTO DE CEREDA 1235,5



VALADOS

JUNQUEDO

LA FUENTE

LA IGLESIA

CABAÑAS

TEJEIRA

CERDEROS


PACIO

CARBALLO

BARREAL 908,27

PROVINCIA

Término





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **24 de xuño de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

X.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Monte Cerengo", pertencente á CMVMC da parroquia das Cabanas, no concello de San Xoán de Río.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 29 de setembro de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindoiras con particulares situadas no seu extremo NO, en concreto, nos terreos ocupados polas parcelas 32071A06600531, 32071A06600532, 32071A06600533 e 32071A06701037.

De acordo co citado informe, o Xurado acordou a aprobación da revisión do esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 8 de xullo de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 5 de xullo de 2024, relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común Monte Cerengo, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia das Cabanas, no concello de San Xoán de Río.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC Monte Cerengo, pertencente á CMVMC da parroquia das Cabanas, no concello de San Xoán de Río, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 19.7.2023 a CMVMC da parroquia das Cabanas presentou unha solicitude (Rexel núm. 2023/2109323) de revisión de esbozo do MVMC Monte Cerengo, en San Xoán de Río.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do día 21.6.2023.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 29 de setembro de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase que o perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindeiras con particulares situadas no seu extremo NO, en concreto, nos terreos ocupados polas parcelas 32071A06600531, 32071A06600532, 32071A06600533 e 32071A06701037.

A superficie do MVMC Monte Cerengo, unha vez modificado o esbozo, sería de 408,80 ha fronte ás 280 ha do acordo de clasificación, o que supón un anormal incremento do 46,0 %. Porén, tendo en conta que a dixitalización do esbozo inicial do monte revela unha superficie de 384,23 ha, moito máis próxima ao valor revisado, enténdese que se debeu



producir un erro material no momento de medir a superficie oficial do esbozo, polo que quedou infradimensionado.

Tendo en conta o anterior, emíttese informe favorable sobre a revisión do esbozo do MVMC Monte Cerengo.

Consideracións legais e técnicas:

Único. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que existen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándoos e completándoos con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 29 de setembro de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 24 de xuño de 2024:


Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Monte Cerengo, pertencente á CMVMC da parroquia das Cabanas, no concello de San Xoán de Río.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 8 de xullo de 2024

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense





LEYENDA

- Límite definitivo MVMC CERENGO (408,80 Ha)
- Superficie de incremento por revisión de parcelas catastrales (9,27 ha)
- Superficie de incremento por revisión de límites municipales (15,30 ha)
- Límite administrativo

REVISIÓN DE ESBOZO		Nº DE PLANO : 4	TÍTULO : LÍMITE DEFINITIVO SOBRE ORTOFOTO
PROMOTOR : CMVMC DE CERENGO		TÉCNICO REDACTOR : ROBERTO PEREIRAS GUINARTE (Ing. Técnico Forestal - Colg. nº 705 COETFOGA)	
LOCALIZACIÓN : SAN XOÁN DE RÍO- OURENSE	DATA : JULIO 2023	ESCALA : 1:15000	PROYECCIÓN : ETRS 89/HUSO 29N

FIRMA :